



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Vicerreitoría
Campus de Pontevedra

O Consello de Campus de Pontevedra, reunido en sesión ordinaria o 28 de abril de 2009, quere trasladar a todas as institucións e autoridades públicas relacionadas co desenvolvemento do Campus Universitario de Pontevedra, a súa preocupación polo futuro do sistema universitario nesta cidade.

En 2010 vaise abrir o novo mapa de titulacións de Galicia. O Campus de Pontevedra non dispón de terreos, nin dotacións básicas (residencia de estudantes, laboratorios, novas instalacións docentes, servizos de I + D, etc.) que ofrecer para competir na futura captación de títulos, alumnado e fondos.

O inmediato futuro semella que nos reserva un papel secundario no Sistema Universitario Galego. O Campus de Pontevedra, que abrangue espazos públicos abertos nas dúas beiras do río Lérez, ten unhas condicións óptimas para se converter no campus máis fermoso e competitivo de toda a Comunidade Autónoma.

Ou entendemos todas e todos este reto, comprometéndonos con el, ou o Campus de Pontevedra corre o risco de quedar minusvalorado e afastado da oferta universitaria máis moderna e dinámica do Sistema Universitario Galego do século XXI.

A Universidade de Vigo está totalmente implicada no desenvolvemento do Campus de Pontevedra, pero necesita e demanda a colaboración e o compromiso de todas as autoridades, tanto autonómicas como locais, e da sociedade pontevedresa nesta idea ambiciosa de conseguir un Campus Universitario do que todas e todos poidamos sentirnos orgullosos.